

XORNADA

OS CURRICULA ESCOLARES NOS NOVOS PLANS DE ESTUDO: MÚSICA E ARTES ESCÉNICAS

CONSELLO DA CULTURA GALEGA
SANTIAGO DE COMPOSTELA
25 DE MARZO DE 2015



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación (modificada recentemente pola LOMCE), establece no seu artigo 47 que as administracións educativas facilitarán a posibilidade de cursar simultaneamente as ensinanzas artísticas profesionais e a educación secundaria, e que para tal fin se poderán adoptar as oportunas medidas de organización e de ordenación académica, que incluírán, entre outras, as validacións e a creación de centros integrados.

A posta en marcha dos novos plans da ESO e do Bacharelato no próximo curso 2015-2016, segundo o calendario de implantación da LOMCE, aconsellan establecer procedementos que favorezan unha concepción integradora do sistema educativo das ensinanzas de réxime xeral coas ensinanzas de réxime especial de música e de danza, sempre co obxecto de favorecer a simultaneidade de ambos os estudos para paliar os efectos que pode producir a sobrecarga lectiva dos estudantes que optan polos estudos de música e de danza.

A Sección de Música e Artes Escénicas, consciente da importancia do asunto, xa levara a cabo en 1999 unha xornada baixo o título de "O centro integrado de música". As cuestións que agora se expoñen transcenden a dimensión do centro integrado cara a ter un punto de reflexión e proposta de accións diante dunha cuestión de máxima actualidade, sempre á vista do tratamento que se propón por parte das administracións educativas das ensinanzas artísticas no sistema educativo.

PROGRAMA

MÉRCORES, 25 DE MARZO

SESIÓN DA MAÑÁ

10:00 horas

Presentación

Ramón Villares, presidente do Consello da Cultura Galega

Maximino Zumalave, coordinador da Sección de Música e Artes Escénicas

Rodrigo Porral, Sección de Música e Artes Escénicas

10:30 horas

A música como material e vehículo educativo

Víctor Pliego de Andrés, doutor en Filosofía e Ciencias da Educación e catedrático do Real Conservatorio Superior de Música de Madrid

Presenta: **Juan Durán**

11:30 horas

Descanso

12:00 horas

O estudo da danza: integración e especialización

Elna Matamoros, Master of Arts (Dance Education). Maître de Ballet na Compañía Nacional de Danza

Presenta: **Eva Faraldo**

13:00 horas

Ensinanzas de artes escénicas no Estado Español: escolas integradas de secundaria e Educación Superior no marco da LOMCE

Mercè Saumell, directora de Servizos Culturais do Institut del Teatre de Barcelona

Presenta: **Inma López Silva**

SESIÓN DA TARDE

16:30 horas

A integración das ensinanzas artísticas coas ensinanzas de réxime xeral: cara a un novo modelo de especialización curricular artística

Francisco Luís Lemes Castellano, responsable do Servizo de Ensinanzas Artísticas do Goberno de Canarias

Presenta: **Juan Durán**

17:30 horas

MESA REDONDA

Víctor Pliego de Andrés, **Elna Matamoros**, **Mercè Saumell** e **Francisco Luis Lemes Castellano**

Presenta e modera: **Luís Costa**

ORGANIZA:

Consello da Cultura Galega. Sección de Música e Artes Escénicas

COORDINA:

Juan Durán, Eva Faraldo e Inma López Silva

LUGAR DE REALIZACIÓN:

Consello da Cultura Galega

Pazo de Raxoi, 2º andar

Praza do Obradoiro, s/n

15705 Santiago de Compostela

Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205

difusion@consellodacultura.gal

www.consellodacultura.gal

Inscripción:

A inscrición é gratuíta no sitio web www.consellodacultura.gal

O número de prazas é limitado (100 persoas).

As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

Entregarase diploma acreditativo de asistencia á Xornada.

Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

Só se garantizará a distribución de material divulgativo impreso ás persoas previamente inscritas na actividade.

Máis información:

www.consellodacultura.gal

difusion@consellodacultura.gal

Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



CONSELLO
DA CULTURA
GALEGA

Pazo de Raxoi, 2º andar.
Praza do Obradoiro, s/n.
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax 981 957 205